



## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa *RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18 de setembro), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS**, segundo as seguintes normas:*

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a tres **pais/nais**<sup>1</sup>, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar. Un cuarto membro pode ser elixido pola ANPA. O outro representante de pais continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día 23 de outubro está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 30 de outubro.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:30 horas do día 30 de outubro.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día 4 de novembro, ás 14:00 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do centro educativo, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.

5.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no centro educativo que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

6.- As votacións realizaranse neste Colexio Público o **día 19 de novembro, de 13:30 a 17:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 13:00 horas.

7.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo dous nomes dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

8.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos.

9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ourense, 23 de outubro de 2024

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.:A. Berta Rodríguez Pérez